

CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES DA MATERIA DE INGLÉS:

Para que un alumno obteña unha avaliación positiva nesta materia este Departamento establece que se esixirá o fundamental dos contidos especificados na Programación, así como o vocabulario básico que capacite ao alumno a entender e producir de xeito minimamente intelixible mensaxes orais e escritas que versen sobre os contidos detallados a continuación e especificados por cursos e trimestres.

Á hora de obter unha cualificación positiva na materia teremos tamén en conta:

- a actitude do alumno cara a mesma
- o seu esforzo dentro das súas capacidades, e
- a realización de tarefas encomendadas polo profesor dentro e fóra da aula.

Ao ser o inglés unha materia de contidos progresivos tanto os contidos de cursos anteriores como os das avaliacións anteriores serán considerados mínimos ao longo do curso.

1º ESO

PRIMER TRIMESTRE:

O alumno deberá demostrar que é capaz de

- Escribir, falar e conversar de forma minimamente intelixible para o receptor sobre:
 1. Información persoal básica: nome, idade, familia, lugar de procedencia.
 2. Expresar actividades cotiás no presente.
 3. Describir o seu entorno escolar: a aula, as asignaturas, etc.
 4. Deletrear palabras.

- Demostrar unha comprensión mínimamente aceptable sobre textos escritos e mensaxes orais emitidos polo profesor ou por medios mecánicos.

As estruturas da gramática e o vocabulario mínimos que o alumno deberá coñecer para tal fin son:

- Saúdos.
- O abecedario.
- Verbo BE: presente (afirmativa, negativa e interrogativa)
- Pronomes persoais, demostrativos e interrogativos.
- O presente simple (afirmativa, negativa e interrogativa)
- Vocabulario referente a:
 1. Obxectos da aula e asignaturas.
 2. Días da semana.
 3. Meses do ano .
 4. Membros da familia.
 5. Tempo libre.
 6. Rutina.

SEGUNDO TRIMESTRE:

O alumno deberá demostrar que é capaz de:

- Escribir, falar e conversar de forma intelixible para o receptor sobre:

1. A posesión.
2. As capacidades.
3. Describir o que está a suceder.
4. Expresar intencións.

- Demostrar unha comprensión mínimamente aceptable sobre textos escritos e orais producidos polo profesor ou por medios mecánicos.

As estruturas da gramática e vocabulario mínimos que o alumno deberá coñecer para acadar tal fin son:

- Have got (afirmativa , negativa e interrogativa)
- Can
- O presente continuo (afirmativa, negativa e interrogativa)
- Vocabulario referente a:

1. Partes dunha vivenda e mobiliario.
2. Roupa.
3. Expresións temporais de presente e futuro.
4. Tempo atmosférico.
5. Comida.

TERCEIRO TRIMESTRE:

O alumno deberá demostrar que é capaz de:

-Escribir, falar e conversar de forma intelixible para o receptor sobre:

1. Suxerencias e invitacións.
2. Feitos pasados.
3. Ubicación de obxectos, persoas, etc.

- Demostrar unha comprensión mínimamente aceptable sobre textos escritos e mensaxes orais producidas polo profesor ou por medios mecánicos.

As estruturas da gramática e vocabulario mínimos necesarios para tal fin son:

- Nomes contables e incontables.
- a/an/some/any.
- Be (pasado simple)
- Pasado simple de verbos regulares (afirmativa, negativa e interrogativa)
- Preposicións de lugar.
- Vocabulario referente a:

1. Lugares nunha cidade.

2. Tipos de música.
3. Verbos.
4. Expresións de pasado: yesterday, last month, etc.

2º ESO

PRIMER TRIMESTRE:

O alumno deberá demostrar que é capaz de:

- Escribir, falar e conversar de forma intelixible para o receptor e cunha corrección gramatical aceptable sobre:
 1. Falar dos amigos.
 2. Dar e pedir información sobre os horarios da escola.
 3. Falar do que lles gusta e non, das afeccións.
 4. Expresar o que está a suceder.
 5. Expresar a comparación.
- Demostrar unha comprensión aceptable sobre textos escritos ou mensaxes orais producidos polo profesor ou por medios mecánicos.

As estruturas da gramática e vocabulario mínimos que o alumno deberá coñecer para tal fin son:

- O presente simple. (afirmativa, negativa e interrogativa)
- O presente continuo (afirmativa, negativa e interrogativa)
- Adxectivos en grao comparativo e superlativo.
- Vocabulario referente a:
 1. Afeccións e hobbies.
 2. Lugares para practicar as afeccións.
 3. Adverbios de frecuencia.
 4. Profesións e roupa de traballo.
 5. Accidentes xeográficos
 6. Animais

SEGUNDO TRIMESTRE

O alumno deberá demostrar que é capaz de:

- Escribir, falar e conversar de forma intelixible para o receptor e cunha corrección gramatical aceptable sobre:
 1. Feitos pasados.
 2. Feitos en progresión no pasado.
 3. Expresar habilidade en pasado
 4. Expresar incredulidade.
 5. Preguntar nunha tenda.
 6. Pedir billetes nunha estación de tren.

- Demostrar unha comprensión aceptable sobre textos escritos ou mensaxes orais producidas polo profesor ou por medios mecánicos.

As estruturas da gramática e vocabulario mínimos para tal fin son:

- O pasado simple (afirmativa, negativa e interrogativa)
- O pasado continuo (afirmativa, negativa e interrogativa)
- Could/couldn't.
- Vocabulario referente a:
 1. Expresións de pasado.
 2. Feitos históricos e das nosas vidas.
 3. Tipos de películas e programas da televisión.
 4. Medios de transporte.
 5. Preposicións de movemento.

TERCEIRO TRIMESTRE:

O alumno deberá demostrar que é capaz de:

- Escribir, falar e conversar de forma intelixible para o receptor e cunha corrección gramatical aceptable sobre:
 1. Expresión da cantidade.
 2. Predicións de futuro.
 3. Dar consellos.
 4. A condición
 5. Expresión da prohibición.
 6. Futuro de plans e intencións.
 7. Deixar unha mensaxe de teléfono.
 8. Facer ofrecementos.
- Demostrar unha comprensión aceptable sobre textos escritos e mensaxes orais producidas polo profesor ou por medios mecánicos.

As funcións da gramática e vocabulario mínimos para tal fin son:

- Cantidade: some, any, how much, how many,
- Oracións condicionais de primer tipo.
- Should / shouldn't
- Must / mustn't
- will
- Vocabulario referente a:
 1. Comida
 2. Aparellos electrónicos.
 3. Ordenadores
 4. Partes dun edificio e materiais de construción.

3º ESO

PRIMEIRO TRIMESTRE:

O alumno deberá demostrar que é capaz de:

- Escribir, falar e conversar dun xeito intelixible para o receptor e con corrección gramatical sobre :

1. información persoal,
2. rutinas diarias.
3. feitos pasados.
4. concertar citas con amigos.
5. dar instrucións para chegar a un lugar concreto.

- Demostrar unha comprensión aceptable sobre textos escritos e mensaxes orais producidas polo profesor ou por medios mecánicos.

As estruturas da gramática e vocabulario mínimos que o alumno deberá coñecer para tal fin son:

- Be e have got : present simple(affirmative, negative e interrogative)
- Can
- Adxectivos posesivos
- Presente Continuo (afirmativa, negative e interrogativa)
- Presente Simple (afirmativa, negativa e interrogativa)
- Was/were
- Vocabulario referente a :
 1. presentacións persoais.
 2. rutinas diarias.
 3. adxectivos para expresar sentimentos.
 4. expresións de tempo presente e pasado e tendas.
 5. expresións comúns para indicar direccións.

SEGUNDO TRIMESTRE:

O alumno deberá demostrar que é capaz de:

- Escribir, falar e conversar de forma intelixible para o receptor e con corrección gramatical sobre:
 1. a obriga.
 2. a personalidade.
 3. a cantidade.
 4. a comparación.
 5. feitos pasados que teñen relación co presente.
 6. experiencias.
 7. facer plans cos amigos

-Demostrar unha comprensión aceptable sobre textos escritos e mensaxes orais producidas polo profesor ou por medios mecánicos.

-As estruturas da gramática e vocabulario necesarios para tal fin son:

- Have to
- Nomes contables e incontables.
- Some e any, much, many, a lot of.
- Adxectivos en grao comparativo e superlativo.
- O Presente Perfecto: afirmativa , negativa e interrogativa.
- For e since.
- How long...?
- Vocabulario referente a:
 1. traballo doméstico.
 2. adverbios de frecuencia.
 3. adxectivos de personalidade.
 4. deportes de risco.

TERCEIRO TRIMESTRE:

O alumno deberá demostrar que é capaz de :

- Escribir, falar e conversar de xeito intelixible para o receptor e con corrección gramatical sobre:

1. predicións futuras.
2. procesos de elaboración.
3. expresar condicións.
4. dar consellos.

- Demostrar unha comprensión aceptable sobre textos escritos e mensaxes orais producidas polo profesor ou por medios mecánicos.

As estruturas da gramática e vocabulario mínimos necesarios para tal fin son:

- Will (afirmativa, negativa e interrogativa)
- Present passive (afirmativa e negativa)
- A primeira condicional (If...).
- Should/shouldn't.
- Vocabulario referente a:
 1. Establecementos.
 2. Tecnoloxía.
 3. comida.

4º ESO

PRIMEIRO TRIMESTRE:

O alumno deberá demostrar que é capaz de:

- Escribir , falar e conversar de forma intelixible para o receptor e con corrección gramatical sobre:
 1. gustos e preferencias,
 2. facer descrições físicas e de personalidade,
 3. expresar feitos presentes.
 4. expresar feitos pasados.
 5. expresar feitos pasados vencellados co presente,
 6. describir cidades ou vilas.

- Demostrar unha comprensión aceptable sobre textos escritos e mensaxes orais producidas polo profesor ou por medios mecánicos.

As estruturas da gramática e vocabulario mínimos que o alumno deberá coñecer para acadar tal fin son:

- Contraste do presente simple e continuo.
- Contraste do pasado simple e continuo.
- Like/ dislike / hate , etc + gerundio.
- O uso do presente perfecto con already, yet e just.
- Vocabulario referente a:
 1. o aspecto físico e a personalidade,
 2. paisaxes urbanas.
 3. os sentidos.

SEGUNDO TRIMESTRE:

O alumno deberá demostrar que é capaz de:

-Escribir, falar e conversar de forma mínimamente intelixible para o receptor e con corrección gramatical sobre:

1. as relacións persoais.
 2. feitos pasados e feitos pasados vencellados co presente.
 3. o mundo laboral.
 4. a comparación.
 5. asuntos de interese global.
 6. expresar plans e predicións de futuro.
 7. expresar condicións.
- Demostrar unha comprensión aceptable sobre textos escritos ou mensaxes orais producidas polo profesor ou por medios mecánicos.

As funcións da gramática e vocabulario mínimos que o alumno deberá coñecer para tal fin son:

- O uso do presente perfecto con for e since.
- O uso do pasado simple con ago.
- Comparativos e superlativos.
- Will (afirmativa, negativa e interrogativa)
- Going to.
- Oracións condicionais do tipo 1.
- Vocabulario referente a:
 1. relacións e citas.
 2. expresións de tempo pasado.
 3. Profesións.
 4. temas de importancia global.

TERCEIRO TRIMESTRE

O alumno deberá demostrar que é capaz de:

- Escribir, falar e conversar de forma intelixible para o receptor e con corrección gramatical sobre:
 1. situacións hipotéticas.
 2. dar consellos.
 3. definir persoas, lugares e obxectos de entre un grupo
 4. expresar procesos de elaboración.
- Demostrar unha comprensión aceptable sobre textos escritos e mensaxes orais producidas polo profesor ou por medios mecánicos.

As estruturas da gramática e vocabulario mínimos necesarios para tal fin son:

- Oracións condicionais do tipo 2.
- Should /shouldn't.
- A voz pasiva (presente e pasado).
- Vocabulario referente a:
 1. o mundo financeiro.
 2. materiais.
 3. xestos e expresións.

DIVERSIFICACIÓN 3º ESO

Pretendemos que o alumno sexa capaz de:

- Intercambiar información persoal
- Dar e interpretar ordes.
- Expresar a posesión.
- Describir persoas, lugares e obxectos.
- Describir imaxes.
- Describir rutinas diarias, preferencias.
- Expresar habilidade.
- Pedir permiso.
- Describir o que está sucedendo en determinado momento.
- Expresar a cantidade con nomes contables e incontables.
- Comparar cousas, persoas, lugares... .
- Narrar acontecementos pasados.
- Formular suxerencias, aceptalas o rexeitalas.

Os elementos morfoxintácticos sobre os que traballaremos para acadar os anteriores obxectivos serán os seguintes:

- Verbo to be.
- Wh- questions.
- Imperativos.
- To have got.
- Adxetivos para describir persoas, obxectos, o tempo, lugares...
- O presente simple
- Can.
- O presente Continuo.
- There is/are.
- a/an/some/any a lot of.
- Formas comparativas e superlativas.
- Preposicións de lugar e tempo.
- O pasado simple.
- Why don't....? / How about...? / Let's...

DIVERSIFICACIÓN 4º ESO

Pretendemos que o alumno sexa capaz de:

- Expresar hábitos.
- Facer descripciones físicas e de personalidade.
- Narrar o que está sucedendo.
- Narrar feitos pasados usando expresions temporais axeitadas.
- Expresar a cantidade.
- Expresar plans, a idea de futuro de intención, facer predicións e falar de probabilidades.
- Expresar feitos pasados vinculados co presente
- Expresar preferencias e opinións.

Os elementos morfosintácticos sobre os que traballaremos para acadar estes obxectivos

son:

- O presente simple. Adverbios de frecuencia.
- Wh- questions.
- O presente continuo.
- Adxectivos de descripción física e de personalidade.
- Comparativos e superlativos.
- There is/ are /was/were.
- Some/any/a lot of /much/many/ not...enough/too.
- Pasado simple e continuo.
- will/ be going to/ might.
- presente perfecto
- for /since.